



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Convocatoria e bases do concurso para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de camiños, canais e portos interinos

ANUNCIO

Por Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 738/2025, do 1 de agosto, aprobáronse a convocatoria e as bases do concurso para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de camiños, canais e portos interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello no prazo de sete (7) días hábiles contado a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As bases reguladoras desta convocatoria son as seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DE RELACIÓN DE CANDIDATOS PARA NOMEAMENTOS DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS INTERINOS

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a elaboración polo procedemento de concurso dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de camiños, canais e portos interinos, encadrados na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, pertencentes ao subgrupo de clasificación profesional "A1" cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan, e consonte principalmente ás disposicións contidas nos seguintes textos normativos:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986.
- Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios da Administración Local.
- Orde do Ministerio de Administracións Públicas, APU/1461/2002, de 6 de xuño de 2002, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino.

SEGUNDA.- Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o de concurso.

TERCEIRA.- Requisitos dos/das aspirantes.

Para ser admitidos neste proceso selectivo será necesario:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles outros estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título universitario de enxeñeiro de camiños, canais e portos ou de graduado en enxeñería civil ou de obras públicas co master de enxeñería de camiños, canais e portos, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

- d) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das tarefas do posto.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e conservaranse, cando menos, ata a data de nomeamento.

CUARTA.- Solicitudes.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello no prazo de sete (7) días hábiles contado a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria xunto coas súas bases no Boletín Oficial da provincia. Anuncio que será publicado igualmente, tamén xunto coas Bases desta convocatoria, na páxina web do Concello de Cambre: www.cambre.es, e nos taboleiros de anuncios municipais.

As solicitudes poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 16-4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección deberán facelo constar en solicitude dirixida á Alcaldesa do Concello de Cambre, na que farán constar que reúnen tódolos requisitos sinalados na base terceira anterior, e á que deberán unir os documentos acreditativos dos méritos que aleguen.

Se a solicitude preséntase de maneira presencial no Rexistro Municipal, os documentos acreditativos dos méritos deberanse presentar en orixinal ou en copia compulsada para a súa dixitalización, de conformidade co artigo 16-5 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Iguualmente teranse que presentar en orixinal ou copia compulsada os documentos que se presenten de maneira presencial a través das outras oficinas relacionadas no artigo 16-4 da Lei 39/2015 indicada, ben para a súa dixitalización ou ben para a súa directa remisión se carecen de rexistro electrónico.

Os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que se presenten.

Os aspirantes que presenten os documentos acreditativos dos méritos que aleguen a través da sede electrónica e non de maneira presencial serán requiridos polo tribunal cualificador para a presentación dos documentos orixinais ou copias compulsadas dos mesmos antes da elaboración da relación de candidatos para nomeamentos interinos, se puidesen atoparse nas mesmas, para a debida acreditación dos méritos valorados.

Xunto coa solicitude achegarán:

- Fotocopia do DNI.
- Xustificante de ter efectuado o pagamento dos dereitos de inscrición.
- Relación dos méritos que aleguen e xustificación documental dos mesmos para a súa valoración.
- Certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou título equivalente a efectos de acreditar quedar exento do exercicio de lingua galega.

QUINTA.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/excluídos que será publicada nos taboleiros de edictos deste Concello e na páxina web municipal, concedéndose o prazo de tres días para reclamacións. Ditas reclamacións, se as houbera, resolveranse polo mesmo órgano que aprobou a lista provisional a través de resolución pola que se aprobará a lista definitiva. Esta resolución igualmente se publicará nos taboleiros de edictos do Concello e na páxina web municipal.

No caso de non existir reclamacións ditarase igualmente resolución pola que se declarará definitiva a lista provisional de admitidos/excluídos, debendo de publicarse igualmente nos taboleiros de edictos municipais e na páxina web municipal.

Neste anuncio de aprobación da lista definitiva de admitidos/excluídos indicarse igualmente o lugar, día e hora no que terá lugar a celebración do primeiro exercicio da fase de oposición, cunha antelación mínima de sete (7) días hábiles

SEXTA.- Dereitos de inscrición.

Cincuenta (50) euros, segundo o establecido na ordenanza fiscal número 6, cunha redución do 50% para os aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, alúmenos, de 6 meses anteriores á data desta convocatoria, feito que deberán xustificar mediante un certificado de períodos de inscrición emitido polo Servicio Público de Emprego.

O ingreso do importe da taxa poderá realizarse mediante autoliquidación da taxa na Sede Electrónica do Concello de Cambre/Oficina Virtual Tributaria e posterior pago por vía telemática, a través da mesma páxina web municipal ou das

pasarelas de pagos das propias entidades financeiras, Abanca e Banco Santander, que actúan como colaboradoras na recadación municipal, ou directamente nas propias entidades.

SÉTIMA.- Desenvolvemento do concurso.

Os aspirantes achegarán conxuntamente coa solicitude para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen, acompañando os documentos xustificativos dos mesmos, xa que non se tomaran en conta nin serán valorados aqueles que non queden xustificados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos que se valorarán neste concurso e a súa correspondente puntuación, serán os seguintes:

1.- Experiencia laboral:

- Por cada mes completo ou por cada suma de 140 horas de servizos prestados en postos de traballo de enxeñeiro de camiños, canais e portos ou de graduado en enxeñería civil ou de obras públicas co master de enxeñería de camiños, canais e portos nas entidades locais: 0,15 puntos, ata un máximo de 10 puntos.
- Por cada mes completo ou por cada suma de 140 horas de servizos prestados en postos de traballo de enxeñeiro de camiños, canais e portos ou de graduado en enxeñería civil ou de obras públicas co master de enxeñería de camiños, canais e portos noutras administracións públicas distintas da local: 0,10 puntos, ata un máximo de 10 puntos.
- Por cada mes completo ou por cada suma de 140 horas de servizos prestados en postos de traballo de enxeñeiro de camiños, canais e portos ou de graduado en enxeñería civil ou de obras públicas co master de enxeñería de camiños, canais e portos en empresas ou institucións privadas: 0,05 puntos, ata un máximo de 10 puntos.
- Como enxeñeiro de camiños, canais e portos ou graduado en enxeñería civil ou de obras públicas co master de enxeñería de camiños, canais e portos por conta propia (como autónomo) por cada proxecto técnico ou dirección de obras subscrito ou realizada, respectivamente:
 - Ata importe de 100.000 euros de orzamento de execución material: 0,20 puntos.
 - De 100.001 euros ata 300.000 euros de orzamento de execución material: 0,30 puntos.
 - De 300.001 euros ata 500.000 euros de orzamento de execución material: 0,40 puntos.
 - De máis de 500.000 euros de orzamento de execución material: 0,50 puntos.

A puntuación máxima neste apartado de traballos por conta propia será de 5,00 puntos.

Para efectos da valoración da experiencia profesional por meses completos e non por horas no caso de administracións públicas ou empresas ou institucións privadas, unicamente se valorarán os meses nos que se xustifique un mínimo de 35 horas semanais.

Estes méritos acreditaranse mediante as correspondentes certificacións das administracións públicas nas que se prestaron os servizos, ou con contratos de traballo ou certificados de empresa acompañados, en todo caso, xa sexa administración pública ou empresa privada, do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

No caso de traballos realizados valorables como enxeñeiro de camiños, canais e portos ou graduado en enxeñería civil ou de obras públicas co master de enxeñería de camiños, canais e portos por conta propia, estes traballos deberanse acreditar mediante as correspondentes certificacións do colexio profesional dos proxectos técnicos ou direccións de obras realizados acompañadas do informe de vida laboral como autónomo e do certificado de situación censual actualizado o, no seu caso, histórico no epígrafe do imposto sobre actividades económicas (IAE) correspondente á actividade profesional de enxeñeiro de camiños, canais e portos.

A puntuación máxima por experiencia laboral será, en todo caso, de 10 puntos.

2.- Formación:

Pola realización de cursos de formación ou perfeccionamento, seminarios ou xornadas relacionados directamente con obras de urbanización, servizos urbanos, urbanismo, ordenación do territorio, medio ambiente ou contratación administrativa impartidos ou financiados polas Administracións Públicas ou por entes dependentes das mesmas, polas Universidades ou polos colexios profesionais, por cada un deles:

De duración ata 19 horas:	0,05 puntos
De duración de 20 a 50 horas:	0,10 puntos
De duración de 51 a 80 horas:	0,20 puntos
De duración de 81 a 100 horas:	0,40 puntos
De duración de 101 horas en adiante:	0,50 puntos

A puntuación máxima por formación será de 3 puntos.

Os diplomas, certificados ou documentos que acrediten a realización de cursos, seminarios ou xornadas deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Se non se indican as horas de duración a puntuación que se outorgará será a mínima de 0,05 puntos por curso, seminario ou xornadas.

3.- Coñecemento do galego:

De conformidade co artigo 51-2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, os aspirantes que non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou título equivalente homologado, que se aportará coa instancia senón se aporta como mérito un certificado de linguaxe administrativa superior, deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Esta proba consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto polo tribunal do castelán ao galego e outro do galego ao castelán nun tempo máximo de trinta minutos e cualificarase de apto ou non apto, sendo eliminados do proceso selectivo aqueles aspirantes que non alcancen a cualificación de apto nela.

A marxe diso outorgaranse os seguintes puntos polos seguintes cursos de galego:

- Curso linguaxe administrativa galega, nivel medio: 0,75 puntos.
- Curso linguaxe administrativa galega, nivel superior: 1,00 punto.

A puntuación máxima por coñecemento do galego será de 1 punto. Soamente se valorará o de maior puntuación.

4.- Probas selectivas superadas:

Pola superación de exercicios en procesos selectivos para o acceso como funcionario de carreira a corpos ou escalas da Administración Pública ou a postos da mesma de réxime laboral fixo para os que se esixa o título de enxeñeiro de camiños, canais e portos ou de graduado en enxeñería civil ou de obras públicas co master de enxeñería de camiños, canais e portos, sempre e cando se houberen celebrado nos dous anos anteriores á publicación desta convocatoria.

- 0,25 puntos por exercicio superado. Neste caso a puntuación máxima que se pode obter será de 1,00 punto.

Para a xustificación do mérito de probas selectivas superadas se precisará certificación da Administración Pública onde se superaron.

Unha vez realizada a valoración de méritos, o seu resultado expoñerase nos taboleiros de anuncios municipais e na páxina web do Concello de Cambre: “www.cambre.es”. Durante o prazo de tres días hábiles contado a partir da publicación de tal anuncio, polos interesados se poderán presentar as alegacións que estimen pertinentes ás puntuacións outorgadas que serán resoltas polo tribunal cualificador. Pasarán a ser definitivas as puntuacións publicadas se non se presentaren alegacións sobre o particular.

OITAVA.- Cualificación do concurso.

A cualificación final do concurso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración dos méritos alegados.

No caso de producirse empate na puntuación final do proceso selectivo entre varios aspirantes, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida no apartado de valoración da experiencia laboral. De persistir o empate acudirase á puntuación obtida no apartado de valoración da formación e se sigue persistindo o empate a orde establecerase por sorteo.

NOVENA.- Tribunal cualificador.

De conformidade cos principios de imparcialidade e profesionalidade e de conformidade cos artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015 e 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, o Tribunal estará constituído por 5 membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo das Administracións Públicas, que deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo.

O tribunal estará constituído por un presidente, secretario e tres vogais, todos eles con voz e con voto, e a designación nominal deles e dos seus suplentes realizarase a través da resolución municipal que aprobe a lista provisional de admitidos/excluídos a este proceso selectivo e será publicada con ela.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do tribunal están suxeitos ó disposto no artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público sobre causas de abstención e recusación, e aos dereitos por indemnización por asistencia, do Real decreto 462/2002, de 24 de maio.

DÉCIMA.- Relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de camiños, canais e portos interinos.

A lista coa totalidade dos admitidos ao concurso e coa puntuación acadada no conxunto deste, quedará para poder ser utilizada para nomeamentos de enxeñeiros de camiños, canais e portos interinos.

Esta relación confeccionada por orde de puntuación de maior a menor publicárase na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios municipal e poderá ser utilizada, respectando sempre a orde de puntuación, ata que se confeccione unha nova lista, tendo en todo caso unha duración máxima de dous anos contados a partir da publicación da mesma na páxina web municipal.

No caso de empate na puntuación final estarase ao establecido na base sétima das presentes.

É condición inescusable para a pertenza á devandita lista o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base terceira das presentes.

Os que formen parte da mesma poderán ser chamados para cando se dean calquera das circunstancias que recolle o artigo 10.1 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015.

Nese caso elaborárase o correspondente expediente no que se acreditará o cumprimento dos supostos expostos no parágrafo anterior así como a existencia de crédito orzamentario, procedéndose ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese no prazo máximo improrrogable de un día hábil (24 horas) dende o chamamento, e por escrito, se se tratase de renuncia ao posto ofertado, transcorrido o cal entenderase que renunciou e pasarase ao chamamento do seguinte da lista. Os chamamentos realizaranse mediante anuncio da oferta no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Cambre e por vía telefónica, realizándose un máximo de tres chamadas entre as 9:00 e as 15:00 horas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas, do que deberá quedar constancia no expediente mediante dilixencia emitida polo funcionario que realice os chamamentos.

Simultaneamente á chamada telefónica enviarase un correo electrónico ao candidato do que quedará constancia no expediente.

Os integrantes da relación serán responsables de manter actualizados os seus datos de contacto, comunicando calquera cambio de correo electrónico e/ou teléfono dos facilitados na solicitude.

Cando un dos aspirantes incluídos na relación fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de servizo recuperará o seu lugar inicial nela, de xeito que pode ser chamado para un novo nomeamento.

Cando un dos aspirantes non acepte un chamamento, pasará ao último lugar da relación de candidatos e unicamente volverá a ser chamado cando fosen chamados todos os restantes aspirantes da relación, salvo que nese momento poida acreditar que se atopa de baixa médica, embarazo, descanso por nacemento e coidado de menor, enfermidade grave dun familiar ata o segundo grado ou que se atope traballando, onde poderá manter o seu posto na lista, logo da xustificación documental da circunstancia na que se atopa.

No caso de que se teñan que efectuar varios nomeamentos simultáneos coa presente relación de candidatos, a orde de provisión realizarase por orde de lista, de tal xeito que ao primeiro clasificado se lle dará a escoller entre os diferentes postos a cubrir para que este elixa o que desexe e así sucesivamente pola orde que ocupasen os aspirantes na relación de candidatos ata cubrir a totalidade dos postos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Presentación documentos.

No prazo de 3 días, contado dende o día seguinte ao do chamamento, o aspirante chamado para o servizo deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello os documentos que seguidamente se relacionan:

- a) Fotocopia do seu documento nacional de identidade, que se deberá presentar co orixinal para compulsar.
- b) Fotocopia do título esixido que debe acompañar do seu orixinal para ser debidamente compulsado, ou, no seu defecto, o xustificante de ter abonado os dereitos para a súa expedición. Se estes documentos estiveran expedidos despois da data de remate do prazo de presentación das solicitudes de admisión no proceso selectivo, deberán xustificar debidamente o momento de remate dos estudos correspondentes.
- c) Declaración xurada de que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- e) Certificación oficial acreditativa de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes tarefas ou funcións.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Os que dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presenten a súa documentación ou non reúnan os requisitos esixidos non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incurrir por falsidade na súa instancia solicitando participar no proceso selectivo. Neste caso, igual que para a renuncia, será proposto para o seu nomeamento o seguinte aspirante por estrita orde de puntuación da lista de candidatos para nomeamentos interinos.

DÉCIMO SEGUNDA.- Nomeamento e toma de posesión.

O aspirante proposto que presente a documentación preceptiva será nomeado funcionario interino pola Presidenta da Corporación ou, no seu caso, concelleiro delegado e deberá tomar posesión no prazo de 2 días contados dende o día seguinte ó que se lle notifique o citado nomeamento. Quedará en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixera dentro do prazo sinalado.

DÉCIMO TERCEIRA.- Incidencias.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

DÉCIMO CUARTA.- Impugnación.

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as aprobou ou directamente ante a xurisdición Contencioso Administrativo, de conformidade cos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á da publicación deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Cambre, 7 de agosto de 2025

O concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda,

Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico

PD. (R.A. núm. 396/2025, do 30 de abril)

Rubén Vázquez Pérez

2025/5310